

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 17 DE FEBREIRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha das actuacións para a constitución da Fundación Galega de Atracción de Talento Investigador de Alto Nivel (Fundación Galtia).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade para establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados á recollida na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2025 no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Importe: setecentos mil euros (700.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e a ocupación de prazas en servizos de atención residencial para persoas dependentes con discapacidade intelectual para o período 2025-2029. Importe do orzamento: catro millóns catrocentos setenta e sete mil oitocentos vinte e catro euros (4.477.824,00 €). Valor estimado total: dezaseis millóns cento corenta e seis mil euros (16.146.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se determina o sector téxtil e confección como sector industrial estratéxico, para os efectos de elaborar o seu plan director, de acordo co establecido no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se determina o sector da industria da construción como sector industrial estratéxico, para os efectos da elaborar o seu plan director, de acordo co establecido no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.
- Acordo polo que se determina o sector alimentario como sector industrial estratéxico, para os efectos da elaborar o seu plan director, de acordo co establecido no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares de referencia para contratar obra de edificación e obra civil.
- Acordo polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares de referencia para contratar subministración xeral ordinaria.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se convoca o Programa de bono alugueiro mocidade para o ano 2025, con financiamento plurianual, e se autoriza a superación da porcentaxe establecida de pagamentos anticipados ao abeiro do artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por un importe de doce millóns novecentos cincuenta e catro mil novecentos trinta e seis euros (12.954.936,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacinas para o Programa galego de vacinación, por un importe total de licitación de sete millóns trescentos catorce mil douscentos corenta e sete euros con vinte céntimos (7.314.247,20 €), con IVE, e un valor estimado de vinte e dous millóns cincocentos cinco mil trescentos setenta e seis euros (22.505.376,00 €), sen IVE.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga ACLAD da Coruña, para desenvolver a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por un importe de dous millóns sesenta e nove mil oitocentos trece euros (2.069.813,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada, de Vigo, para desenvolver a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por un importe dun millón oitocentos corenta e tres mil cento cincuenta e seis euros (1.843.156,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias Asfedro, para desenvolver a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por un importe dun millón cento corenta e seis mil novecentos sesenta e dous euros (1.146.962,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para desenvolver programas de asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por un importe de setecentos sesenta e dous mil setecentos dezaioito euros (762.718,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo para desenvolver o programa terapéutico-educativo Proxecto Home, de atención integral de persoas en risco e con trastornos adictivos da Comunidade Autónoma de Galicia e do Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por un importe dun millón douscentos vinte mil setecentos cinco euros (1.220.705,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Aditivas (UTACA) para desenvolver a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de douscentos corenta e nove mil trece euros (249.013,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcohoxía (Asvidal) para desenvolver a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de douscentos cincuenta e seis mil catrocentos corenta e tres euros (256.443,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación As Burgas para o Tratamento e Rehabilitación do Enfermo Alcohólico, para desenvolver a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de douscentos vinte e cinco mil oitocentos vinte euros (225.820,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, para desenvolver a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento corenta e catro mil seiscientos doce euros (144.612,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de reposición da cuberta e acondicionamento do edificio dos departamentos no porto de Fisterra, cun orzamento base de licitación de trescentos trinta e un mil novecentos once euros con dezanove céntimos (331.911,19 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de reconstrución dun tramo de peirao na dársena interior do porto de Muros, cun orzamento base de licitación de trescentos sesenta e un mil doce euros con vinte e sete céntimos (361.012,27 €), IVE incluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de departamentos para usuarios no porto de Sanxenxo, cun orzamento base de licitación de cincocentos corenta mil cincocentos oitenta e seis euros con corenta e dous céntimos (540.586,42 €), IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o Programa de actuacións ambientais nas reservas da biosfera.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o balance da convocatoria do Bono concilia familia para o ano 2024.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe relativo á Rede de centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a encomenda á empresa pública Seaga para a roza, corta e acondicionamento de zonas verdes en sendas peonís e glorietas; retirada, estelado ou amoreamento e venda da madeira das árbores situadas no dominio público das marxes das estradas de titularidade autonómica de Galicia. Corredor verde na AG-59, por un importe de tres millóns novecentos oitenta e catro mil novecentos corenta e seis euros con dous céntimos (3.984.946,02 €).
- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto Senda na PO-400 entre O Castro e As Neves, no concello das Neves, por un importe estimado de investimento de cincocentos setenta e tres mil catrocentos setenta euros con sesenta e nove céntimos (573.470,69 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o apoio da Xunta de Galicia ao Museo do Pobo Galego.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o Plan de formación permanente do persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a nova orde de axudas para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e para a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2025.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA A CREACIÓN DUNHA NOVA FUNDACIÓN PARA CAPTAR 30 INVESTIGADORES DE MÁXIMO PRESTIXIO INTERNACIONAL EN CINCO ANOS

- Salienta que o obxectivo é “manter Galicia nos postos punteiros do I+D+i”
- Contará cun orzamento inicial de máis de 35 M€ nun lustro e un retorno económico estimado de 117 M€, é dicir, que multiplicará por 3,3 a achega pública realizada
- O conselleiro de Educación adianta que a primeira convocatoria lanzarase xa a inicios de 2026
- Os profesionais poderanse integrar en centros universitarios da Rede CIGUS, centros tecnolóxicos, fundacións sanitarias e organismos de investigación como o Cesga
- Trátase da primeira medida do novo Plan de I+D+i, que marca como principal obxectivo reforzar a atracción e retención do mellor talento investigador

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a creación “dunha fundación pública para atraer a Galicia a investigadores de alto nivel de todo o mundo”. Baixo a denominación de Fundación Galtia, comezará a funcionar este mesmo ano coa previsión “de incorporar 30 investigadores de máximo prestixio internacional ata 2030”.

Unha medida que, segundo lembrou Rueda, se enmarca na aposta da Xunta por “manter Galicia nos postos punteiros de I+D+i” e que levou a ser a comunidade con maior incremento na partida para investigación no ano 2023 ou á recente aprobación do Plan de investigación e innovación de Galicia, dotado con máis de 1.300 millóns de euros.

A nova fundación, tal e como explicou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, dotarase dun orzamento inicial de “máis de 35 millóns de euros” para o primeiro lustro de funcionamento, período en que se estima obter un retorno económico de 117 M€, o que multiplica por 3,3 a achega pública.

Con este trámite, o Goberno autonómico inicia o procedemento para a posta en marcha desta fundación, coa cal Galicia aspira a dar un salto de xigante no eido da investigación excelente, co fin de reforzar o seu posicionamento. A captación de científicos referentes nas súas áreas de coñecemento a nivel mundial xerará un efecto multiplicador sobre o ecosistema galego de I+D+i, que xa acada na actualidade as súas maiores cotas de prestixio e actividade. Estes investigadores, que poderán acompañarse dos seus equipos a través de liñas de traballo e proxectos previamente definidos, integraranse nas estruturas científicas existentes en Galicia, atraendo recursos e potenciando o seu labor.

En concreto, os investigadores estarán enfocados a iniciativas de alto impacto fixadas no novo Plan de investigación e innovación de Galicia 2025-2027 e o seu perfil estará consensuado antes coas entidades que os acollerán. O obxectivo é que poidan traballar na Rede CiGUS, que agrupa os centros líderes e investigación das tres universidades públicas; nos centros tecnolóxicos que operan na Comunidade afíns a distintos sectores

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

económicos; nas fundacións sanitarias e en organismos de investigación dependentes da Xunta, como o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga).

Calendario de traballo definido

Con este fin, ao longo deste 2025 traballarase na construción da fundación, aprobaranse os seus estatutos e iniciárase un proceso de diálogo coas entidades receptoras para determinar cales son os perfís máis relevantes para investigar en Galicia, de acordo coas súas prioridades, e definirase o modelo de cooperación. Deste consenso partirán os convenios de colaboración que se asinarán con elas ao longo dos vindeiros meses.

Garantírase así que a iniciativa se desenvolva en sintonía coas necesidades e aspiracións da comunidade científica, asegurando unha integración harmónica e o máximo aproveitamento de sinerxías para impulsar a excelencia e a competitividade. Unha vez determinados os criterios, un grupo técnico avaliador supervisará o proceso de selección.

Tal e como explicou o conselleiro, a primeira convocatoria “lanzarase xa a inicios de 2026”. Para iso, poranse en marcha este ano os trámites necesarios para captar os cinco primeiros profesionais, seguindo a mesma liña de traballo doutras institucións similares hoxe consolidadas, como ICREA ou Ikerbasque, que arrancaron con esta mesma previsión. A partir de aí, realizarase unha nova convocatoria anual ata completar un elenco de 30 investigadores no ano 2030.

Traxectoria consolidada e impacto global

Coa Fundación Galtia, a Xunta busca atraer persoal investigador que actualmente traballa noutros países, “primando a calidade sobre a cantidade” -destacou o conselleiro-, como corresponde a un proxecto desta envergadura e enfoque. Diríxese a persoas cunha traxectoria consolidada e de impacto global cuxo talento e prestixio poden xerar un efecto tractor en toda a cadea de valor, coa correspondente repercusión na xeración de coñecemento, capacidade de competir en convocatorias de financiamento, publicacións e ránkings internacionais.

O investigadores recibirán incentivos de promoción, así como un paquete completo de acollida e acompañamento á hora de mudarse a Galicia e toda unha serie de atractivos que supoñan un valor diferencial. Unha vez aquí, o seu traballo repercutirá de maneira moi positiva na Comunidade, ao darlle visibilidade como destino para desenvolver unha carreira científica e atraendo e retendo pola súa vez máis talento de primeiro nivel.

Fundación pública aberta a capital privado

Galtia, que será unha fundación pública e estará aberta a capital privado, dependerá do Goberno galego a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, cunha estrutura administrativa mínima para a xestión das convocatorias. O orzamento inicial establécese en 35 M€, con capacidade para medrar ao longo do seu desenvolvemento. Esta contía destinarase na súa práctica totalidade a financiar as tarefas de captación, aos contratos dos investigadores e de diversos gastos asociados. O custo de xestión será mínimo, dado que a nova Fundación Galtia se integrará nas estruturas xa existentes da Consellería, sen que supoña a construción de novas instalacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O talento, prioridade da estratexia da Xunta

Coa aprobación da Fundación Galtia, Galicia segue dando pasos no impulso da ciencia de calidade. É a primeira medida no novo Plan de I+D+i que o Consello da Xunta aprobou hai só dúas semanas, e que fixa o talento investigador como principal obxectivo. “Na Xunta temos claro que sen ciencia non hai progreso”, indicou Rueda. A creación da nova fundación “vai ter un efecto tractor” no eido da investigación, engadiu Rodríguez.

Esta nova liña de traballo reforza e complementa o labor en marcha con iniciativas como o programa Oportunius, que seguirá funcionando para reter e atraer investigadores que obtiveron unha bolsa ERC, as máis prestixiosas concedidas polo Consello Europeo de Investigación. Grazas a Oportunius, deciden permanecer ou trasladarse a Galicia malia recibiren outras ofertas de traballo a nivel internacional.

Tamén se continuará apoiando o desenvolvemento dunha carreira investigadora desde a súa fase inicial (con bolsas predoutorais e posdoutorais con opcións de estabilización) e con todo un abano de iniciativas para consolidarse a través dos grupos de investigación máis competitivos, os centros CIGUS e un crecente ecosistema público-privado de I+D+i.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA CON 700.000 € PROGRAMAS DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE PROMOVAN A INSERCIÓN SOCIAL E LABORAL DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- O importe máximo de cada achega é de 80.000 euros
- Apóianse itinerarios personalizados de inserción, orientación e asesoramento laboral e cursos de formación, entre outras iniciativas
- Nestes programas establécese un obxectivo de inserción laboral de polo menos o 10 % das participantes

A Xunta destina 700.000 euros a financiar programas que promovan a inserción social e laboral de vítimas da violencia de xénero que desenvolvan entidades sen ánimo de lucro. O Consello autorizou hoxe unha nova convocatoria desta liña de subvencións, que se prevé convocar este mesmo mes de febreiro.

O importe máximo de cada axuda será de 80.000 euros e as propostas das entidades que se poden acoller a estas achegas son itinerarios de inserción que inclúan un plan de acción personalizado, orientación e asesoramento, acompañamento na busca activa de emprego ou intermediación laboral. Tamén se financian cursos de formación, actuacións de apoio á conciliación e bolsas destinadas ás participantes para compensarlles gastos de desprazamentos ou outros derivados da súa asistencia ás actividades do programa.

O Goberno galego apoia estes programas porque o emprego é un elemento clave para a recuperación integral das mulleres en situación de violencia de xénero. De feito, neles establécese de xeito obrigatorio un obxectivo de inserción laboral de polo menos o 10 % das participantes.

Desde 2016, a través desta liña de subvencións un total de 2.682 mulleres participaron nestes programas e 557 acadaron a súa inserción laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA 35 NOVAS PRAZAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA ÁREA DE VIGO

- Estes servizos convócanse a través da figura do concerto social para o período 2025-2029, e poderanse prorrogar ata un máximo de dez anos
- O orzamento de licitación pola duración inicial do concerto é de 4,4 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a convocatoria de 35 novas prazas de atención residencial para persoas con discapacidade intelectual para a área de Vigo a través da figura do concerto social. A duración inicial do concerto social é de catro anos e poderá chegar a un máximo de dez anos, polo que se garante a estabilidade na prestación do servizo.

O orzamento base de licitación é de 4,4 millóns de euros polos catro anos iniciais que dura o concerto e o seu valor estimado é de 16,1 millóns de euros, tendo en conta as prórrogas por un período máximo de dez anos. Das 35 prazas que se convocan, 15 son para servizo de atención residencial terapéutica e as 20 restantes inclúen, ademais, atención ocupacional.

Teranse en conta como criterios de selección a implantación do centro no concello en que se vai prestar o servizo, a súa calidade a través da experiencia demostrable da entidade e a atención personalizada, entre outros.

Tras a autorización do Consello da Xunta, publicarase a resolución desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e concederá un mes para presentar as solicitudes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A INDUSTRIA ALIMENTARIA, TÉXTIL E A CONSTRUCCIÓN SECTORES ESTRATÉXICOS PARA INICIAR A ELABORACIÓN DO SEUS PLANS DIRECTORES

- Os tres sectores aglutinan o 35% do emprego industrial de Galicia e xunto cos seis sectores industriais estratéxicos declarados en febreiro do 2024 representan máis do 85% do emprego industrial total
- Tras a declaración, levarase a cabo unha consulta pública para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas do sector
- Na elaboración destes plans directores tamén participarán as consellerías con competencias na materia, o sector privado e representantes dos traballadores
- Os plans directores son instrumentos para potenciar o desenvolvemento da actividade industrial nun sector concreto a través da definición das medidas necesarias para o seu impulso co obxectivo de fortalecer a industria galega e a creación e mantemento de emprego

O Consello da Xunta acordou esta mañá declarar tres novos sectores industriais como estratéxicos para iniciar a elaboración dos seus plans directores. Trátase da industria da alimentación, do sector téxtil e confección e da industria da construción, que representan ao redor do 35 por cento do emprego industrial de Galicia. Estas declaracións véñense sumar ás realizadas en febreiro do ano pasado respecto de outros seis sectores industriais esenciais para a economía galega: o metalmecánico, a automoción, a construción naval, o sector forestal-madeira, a industria das TIC así como o da loxística industrial. Estas seis industrias xunto coas declaradas hoxe representan máis do 85 por cento do emprego industrial total da Comunidade.

Co paso dado esta mañá, o Goberno galego poderá iniciar a elaboración dos plans directores destes sectores industriais, unha ferramenta coa que se busca incrementar a competitividade de industrias clave na economía galega en termos produtivos e sociais e tamén para xerar emprego de calidade.

A solicitude de declaración para estes tres novos sectores ven avalada pola Consellería de Economía e Industria no caso do téxtil e confección; polos departamentos de Medio Rural, do Mar e da propia Consellería de Economía e Industria para a alimentaria, e por esta última consellería xunto coa de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para o caso da industria da construción.

Unha vez declarado o carácter estratéxico destes sectores por parte do Consello da Xunta, levarase a cabo unha consulta pública a través do portal de transparencia e goberno aberto para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas. Tamén farán a súa achega aqueles departamentos da Administración autonómica con vinculacións cos sectores declarados, xunto co sector privado, representantes dos traballadores e o resto de axentes implicados. E antes da súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta, será necesario o informe do Consello

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galego de Economía e Competitividade segundo estipula a normativa vixente, sen prexuízo das competencias do Consello Económico e Social.

Os tres sectores en datos

Segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) a alimentación representa unha cifra de negocio do 21,46% do total da industria galega e preto do 24 por cento do total do emprego industrial rexistrado por termo medio ao longo do ano 2024.

No caso do sector téxtil e da confección representa unha cifra de negocio do 4% do total da industria galega, concentrándose fundamentalmente na elaboración de roupa de vestir. E no que ten que ver co emprego, as súas cifras alcanzan o 7 por cento do total do emprego industrial rexistrado por termo medio ao longo do 2024, o que representa máis de 10.100 traballadores afiliados en Galicia a este sector.

A industria da construción supón o 5,7 por cento do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia segundo os datos do IGE do ano 2023. O conxunto de toda a cadea de valor do sector da construción rexistraba, en decembro, un total de 12.729 empresas e preto de 133.000 persoas traballadoras.

Nova política industrial

Os plans directores, xunto co Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industrias son instrumentos da planificación da política industrial enmarcados nunha estratexia que ten como obxectivo facilitar o proceso de adaptación e transformación enerxética e dixital da industria galega.

Deste xeito, trátase de contar cun instrumento consensuado e que dea unha resposta real ás necesidades de cada sector, neste caso do alimentario, co obxectivo de acompañalo durante o seu proceso de transformación. Contará con medidas que, partindo dunha análise da situación de partida, permitan impulsar a modernización e produtividade, dixitalizar procesos, implantar modelos de produción máis eficientes e respectuosos co medio ambiente e mellorar a seguridade. Terá un peso especial, ademais, a potenciación do capital humano.

Na actualidade, están pendentes da aprobación definitiva polo Consello da Xunta os plans directores dos sectores da construción naval e da automoción, mentres que o do sector forestal-madeira e o da loxística industrial están en fase de elaboración. O plan director da Industria das TIC vaise realizar ao longo deste ano no marco do convenio asinado recentemente entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster TIC de Galicia, mentres que o relativo ao sector da metalmecánica será o seguinte en executarse.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE O NOVO MODELO DE PREGO DE CONTRATACIÓN PERMITIRÁ QUE AS LICITACIÓNS SE FAGAN DUN XEITO “MÁIS SINXELO E MÁIS RÁPIDO”

- Esta medida inclúese na liña emprendida de “reducir a burocracia e intentar axilizar os trámites dos administrados”
- Permitirá optimizar os tempos empresariais necesarios para presentar ofertas e analizar as condicións das licitacións
- Estes novos pregos de referencia están adaptados aos cambios normativos derivados da entrada en vigor do novo período de programación dos fondos europeos e das modificación da lexislación de contratos do sector público
- En 2022, Galicia foi unha das comunidades autónomas pioneiras en aprobar un catálogo de criterios de adxudicación para contratar obras

O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación por parte do Consello da Xunta da simplificación do modelo de prego de contratación para as licitacións da Administración autonómica, que permitirá que estas se fagan dun xeito “máis sinxelo e máis rápido”.

A homoxeneización, que afecta tanto os pregos de referencia de obra civil e de obra de edificación como os pregos de referencia de subministración xeral ordinaria, suporá múltiples vantaxes a “empresas e particulares”.

En primeiro lugar, facilitará a comprensión e familiarización co formato e o contido dos documentos. En segundo lugar, o uso de pregos de contratación de referencia, “con independencia da consellería que licite”, tal e como informou Rueda, optimizará os tempos empresariais necesarios para presentar ofertas e analizar as condicións das licitacións na medida en que, unha vez comprendido o modelo nun momento inicial, a confianza en que o articulado xenérico se repetirá en todos os procesos permitiralles ás empresas centrarse directamente nas especialidades de cada procedemento.

Segundo apuntou Rueda, esta medida inclúese na liña emprendida de “reducir a burocracia e intentar axilizar os trámites dos administrados”, algo que xa se está a facer a través da Oficina Económica de Galicia “para proxectos que presenten as empresas” ou mediante a unificación nunha soa orde de axudas de varias convocatorias, poñendo como exemplo recente as dirixidas aos autónomos.

A unificación do modelo de prego axilizará e facilitaralles ás empresas a preparación das ofertas, ao contar coas mesmas variables e parámetros de medición dos criterios de adxudicación e non ter que estudar fórmulas distintas en función da consellería que licite o contrato.

A harmonización da documentación exixida suporá para a Administración a redución dos prazos de tramitación ao ser precisas menos emendas de documentación, o que repercute nunha maior axilidade administrativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes novos pregos de referencia, ademais, están adaptados aos cambios normativos derivados da entrada en vigor do novo período de programación dos fondos europeos e das modificación da lexislación de contratos do sector público. Deste xeito, inclúen medidas antifraude e de prevención de conflitos de intereses, así como tamén o sometemento ao control das autoridades competentes autonómicas, estatais e europeas.

Cómpre salientar que en 2022 Galicia foi unha das comunidades autónomas pioneiras na aprobación dun catálogo de criterios de adxudicación para contratar obras, criterios que xiran en torno a catro elementos: os que se fundamentan no valor técnico da oferta; os de carácter social e impulso demográfico; os de carácter ambiental e social, e os particulares dos tipos de obra –como as de educación, as de centros de servizos sociais ou as obras que se fan en bens do patrimonio cultural–.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A NOVA CONVOCATORIA DO BONO ALUGUEIRO MOCIDADE DOTADA CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 13 M€ DURANTE DOUS ANOS

- Rueda explica que o prazo para solicitar esta achega de 250 € ao mes abrírase o vindeiro día 28 de febreiro e estenderase ata o 28 de marzo
- Ademais de ser menor de 36 anos no momento de pedila, as persoas beneficiarias deberán dispor dunha fonte regular de ingresos e acreditar que estes non superan 3 veces o IPREM
- A Xunta lamenta a tardanza na transferencia estatal do crédito desta convocatoria, que ademais é insuficiente, tendo en conta que se corresponde coa metade do asignado en 2022, é dicir, tan só 5,7 M€ cada exercicio
- A liberación dos novos fondos fai posible que a Xunta lance agora esta convocatoria de axudas, con 11,4 M€ que corresponden á nova achega estatal, e complementa estes fondos a Xunta coa achega de algo máis de 1,5 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acordou convocar unha nova edición do “Bono alugueiro mocidade” por un importe de preto de 13 millóns de euros. Tal e como explicou a apertura do prazo de presentación de solicitudes comezará “o vindeiro día 28 de febreiro” e prolongarase durante un mes, é dicir, remata o 28 de marzo.

O obxectivo deste programa é facilitarlle aos mozos e mozas menores de 36 anos o pagamento da renda da súa vivenda habitual cunha axuda de 250 euros ao mes, sempre e cando esta contía non supere o importe que aboan en concepto de arrendamento.

Trátase de facilitarlle o acceso a unha vivenda en réxime de alugamento ou de cesión de uso á xente nova con menos ingresos económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias.

A subvención concederáselles por un período de dous anos, coa posibilidade de recoñecer o dereito á axuda desde o 1 de xaneiro, sempre que o contrato estivese vixente nesa data. Para contratos asinados con posterioridade, concederase desde a data do contrato, sen que poidan concederse con posterioridade ao 31 de decembro do 2026.

Para poder acceder a estes incentivos, Rueda explicou que ademais de “ser menores de 36 anos” no momento de pedir a axuda, os solicitantes deberán dispor dunha fonte regular de ingresos, “acreditar que estes non superan 3 veces o Iprem (25.200 euros)” e certificar que a vivenda en cuestión é a súa residencia habitual, entre outros requisitos.

En canto ao importe da renda de alugueiro, non poderá superar os 700 euros nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra. No caso dos municipios de Lugo, Ferrol e as contornas da cidades, esas contías máximas oscilarán entre os 600 e 500 euros. No resto dos concellos, a renda de alugueiro das vivendas non

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

poderá exceder os 400 euros. Inclúese o cadro do importe da renda mensual de alugamento.

Antecedentes

O Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono alugueiro mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 prevén que o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana lles transferirá fondos ás comunidades autónomas, que son as encargadas da convocatoria e xestión da axuda.

Así, a Xunta publicou en xuño do 2022 a convocatoria das subvencións do Programa de bono alugueiro mocidade, cunha dotación de 22,8 M€, a metade para 2022 e a outra metade para 2023. Baixo esta convocatoria concedéronse 5.253 axudas e esgotouse o orzamento.

A nova convocatoria

Na Conferencia Sectorial de Vivenda e Axenda Urbana convocada polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana o 3 de outubro do ano pasado acordouse, por unanimidade, unha nova distribución entre as comunidades autónomas dos fondos do bono alugueiro mocidade, e o Ministerio negou a atender a solicitude de modificar o real decreto que establece as bases para evitar os problemas da convocatoria de 2022, na cal quedaron sen axuda persoas que cumprían os requisitos.

A realización no mes de outubro da conferencia sectorial fixo imposible realizar a convocatoria da axuda en 2024, que sería factible de se ter realizado esta a comezos de ano. Deste xeito, a distribución de fondos foi aprobada polo Consello de Ministros o 15 de outubro, e posteriormente pola Conferencia Sectorial de Vivenda e Axenda Urbana.

Estes fondos foron liberados en decembro de 2024, o que posibilita que agora a Xunta lance esta nova convocatoria de axudas, que sairá publicada cunha dotación de case 13 M€. Dese total, 11.400.000 euros corresponden á nova achega do Ministerio e resulta ser exactamente a metade do asignado en 2022.

A Xunta complementará eses fondos, ata acadar os preto de 13 M€, coa achega de 1.554.936 euros do remanente da convocatoria de 2022. Estes fondos corresponden a renuncias de adxudicatarios que finalmente non presentaron as xustificacións correspondentes para o seu cobramento, polo que agora se incorporarán nesta nova convocatoria, autorizada hoxe no Consello da Xunta.

Rueda indicou que o Goberno galego lamenta a tardanza na transferencia estatal do crédito desta convocatoria, que ademais é insuficiente, tendo en conta que se "corresponde coa metade do asignado en 2022", é dicir, tan só 5,7 M€ cada exercicio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Importe da renda mensual máxima

Zona territorial	Concellos	
	Da vivenda	
Prezo máximo superior	700	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Municipios de zona territorial 1	600	Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros e Ribeira. Lugo. A Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Ponteareas, Redondela e Vilagarcía de Arousa
	500	Ares, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cedeira, Cee, Fene, Melide, Mugardos, Neda, Noia, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. Baiona, Bueu, Cambados, Gondomar, O Grove, A Illa de Arousa, Moaña, Mos, Nigrán, Poio, Pontecesures Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa
Municipios de zona territorial 2	400	O resto de concellos de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UNHA COMPRA DE VACINAS POR UN IMPORTE DE 7,3 M€ PARA MANTER O CALENDARIO DE VACINACIÓN MÁIS COMPLETO DO MUNDO

- Esta contratación, cun período de vixencia de dous anos, inclúe 289.400 doses de 7 vacinas das 13 recollidas no Programa galego de vacinación
- A aposta de Galicia pola prevención fixo desaparecer practicamente varias enfermidades típicas da infancia e logrou manter en niveis moi baixos outras como o tétano, a hepatite B e varios tipos de meninxite
- A Consellería de Sanidade valora a evidencia científica para continuar introducindo novas vacinas e reforzar tamén a inmunización na idade adulta
- Galicia conta coas taxas máis altas de cobertura vacinal, con máis do 70 % dos maiores de 65 anos no caso da gripe e, nos recentemente nados, por riba do 90 % no virus respiratorio sincitial
- O Goberno galego destina neste ano 2025 un total de 41 millóns de euros a vacinas, un 3,27 % máis que o pasado ano

O Consello da Xunta, na súa reunión semanal, autorizou a contratación da subministración sucesiva de sete vacinas, durante dous anos, por un importe de 7.314.247,20 euros, o que lle permite a Galicia manter o calendario de vacinación máis completo do mundo.

O Executivo galego, nos seus orzamentos de 2025, incrementou un 3,27 % o investimento no Programa galego de vacinación ata acadar os 41 millóns de euros neste exercicio.

Mediante o presente contrato está prevista a subministración ao longo do ano 2025 e en 2026 de 289.400 doses de 7 vacinas das 13 recollidas no Programa galego de vacinación. Esas 7 vacinas permiten inmunizar fronte ás seguintes enfermidades: rotavirus, *haemophilus influenzae* B, poliomelite, hepatite B, varicela e, cunha única vacina, fronte á difteria, tétano e tose ferina, xunto á coñecida como a triplo vírica que protexe do sarampelo, rubéola e parotidite.

Ademais, o calendario galego de inmunización ao longo de toda a vida inclúe tamén as vacinas fronte á gripe, o virus do papiloma humano, o herpes zóster, a enfermidade pneumocócica, a meningocócica e o anticorpo monoclonal contra o virus respiratorio sincitial. A estas 13 vacinas do calendario hai que engadir a campaña especial fronte á covid-19.

Alta cobertura poboacional

Galicia dispón de elevadas taxas de cobertura vacinal, tanto nas vacinas infantís como no caso de campañas estacionais como a da gripe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As coberturas en primovacinação na idade infantil son superiores ao 98 %. É preciso manter estas altas coberturas infantís en Galicia, xa que son esenciais para garantir a protección colectiva contras as enfermidades inmunoprevibles, así como o control da incidencia das ditas enfermidades.

En concreto, esta temporada chegouse a un 71,97 % de persoas maiores de 65 anos vacinadas fronte á gripe e na campaña que continúa en marcha fronte ao virus respiratorio sincitial as familias do 91,53 % dos bebés nados desde setembro de 2024 aceptaron inmunizar os seus fillos e fillas ao nacer, e esta porcentaxe está no 89,41 % no caso de nenas e nenos recaptados ata os seis meses de idade.

A Consellería de Sanidade baséase na evidencia científica e na avaliación das intervencións en saúde para concluír que os programas de vacinación constitúen unha das medidas máis eficaces e de mellor relación custo-beneficio de todas as actuacións sanitarias.

A estabilidade do Programa galego de vacinación fixo desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia como, por exemplo, o sarampelo, a poliomielite ou a difteria. Tamén permite manter en niveis moi baixos outras enfermidades como o tétano, a hepatite B, varios tipos de meninxite etc.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE PRETO DE 8 M€ NA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS ADICTIVAS

- O Executivo galego autoriza os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e nove entidades sen ánimo de lucro, cun incremento da dotación dun 2 % con respecto ao ano anterior
- Durante o 2024, un total de 6.671 persoas participaron nos programas e actividades que desenvolven estas asociacións
- A Xunta segue a traballar para a integración efectiva no Servizo Galego de Saúde das unidades municipais de atención ás drogodependencias no menor prazo posible

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dos convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e nove entidades sen ánimo de lucro para a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, que acadan un investimento global de preto de 8 millóns de euros.

Deste xeito, o Executivo galego incrementará este ano un 2 %, preto de 160.000 euros, o investimento que o departamento sanitario galego destina ás distintas asociacións para desenvolver programas de asistencia sanitaria especializada atendendo á planificación, criterios e guías e procedementos establecidos polo departamento sanitario galego.

En concreto, a Xunta colaborará coa Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (Utaca) achegando un total de 249.013 euros; coa Asociación Viguessa de Alcohoxía (Asvidal), destinando 256.443 euros; coa Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, cunha achega de 144.612 euros; e coa Asociación As Burgas para o Tratamento e Rehabilitación do Enfermo Alcohólico, con 225.820 euros.

Así mesmo, achegará 1.220.705 euros á Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home; un total de 2.069.813 euros á Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD); colaborará coa Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro) achegando 1.146.962 euros; coa Asociación Cruz Vermella de Lugo, a través dunha partida de 762.718 euros; e coa Asociación Cidadá de Loita contra a Droga (Alborada) de Vigo, a través dun convenio no que a Xunta consigna unha partida de 1.843.156 euros.

Durante o ano 2024, un total de 6.671 persoas participaron nos programas e actividades que desenvolveron estas nove entidades sen ánimo de lucro.

En todos estes convenios, unha vez que se efectúa a súa sinatura e sempre que a actividade comezase previamente, as asociacións poderán solicitar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á súa xustificación por un importe dun máximo do 30 % da contía total do convenio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na actualidade, as adiccións son consideradas unha enfermidade que require dun tratamento multidisciplinar e personalizado. Así, ante calquera problema relacionado coas adiccións, aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente, ou ben solicitar axuda aos profesionais de atención primaria, para que poidan avaliar cada un dos casos e derivaralos aos centros que procedan.

Integración das unidades municipais de drogodependencias

Ademais dos convenios de colaboración autorizados hoxe para o financiamento das entidades sin ánimo de lucro relacionadas coa atención á drogodependencia, a Xunta traballa coa Federación Galega de Municipios e Provincias para a integración no Servizo Galego de Saúde das 13 unidades de atención de titularidade local.

No marco dese proceso, están constituídos os grupos de traballo de inmoables e de persoal. A previsión que se manexa é que poidan presentar os informes á comisión de integración en marzo.

Os orzamentos deste ano recollen o convenio da Xunta coa Fegamp para os programas de atención á drogodependencia, e resérvanse para este fin 4.022.800 euros.

Cómpre lembrar que, ante a dificultade de cobertura de prazas de persoal sanitario que as unidades están a trasladar á Consellería de Sanidade, desde o departamento sanitario galego remitíuselles un protocolo para apoialos nesa cobertura mentres a integración non sexa efectiva.

O Servizo Galego de Saúde apoia a cobertura por parte das unidades a través das súas listas de contratación, sempre coa aceptación voluntaria do traballador, e os servizos realizados nas unidades computan como prestados no servizo público de saúde.

A Xunta, polo tanto, segue a traballar para a integración efectiva no Servizo Galego de Saúde das unidades municipais de atención ás drogodependencias no menor prazo posible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA POR 332.000 EUROS AS OBRAS DE REPOSICIÓN DA CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO DOS DEPARTAMENTOS DO PORTO DE FISTERRA

- Os traballos permitirán renovar a envolvente do edificio, afectada pola súa exposición ao ambiente mariño, e durante a súa execución instalaranse provisionalmente contedores marítimos para uso dos titulares dos locais actuais
- Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles desde hoxe na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de iniciar hoxe o procedemento de licitación pública das obras de reposición da cuberta e acondicionamento do edificio dos departamentos no porto de Fisterra. O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, deu traslado ao Consello da Xunta do inicio da licitación cun orzamento base de 361.000 euros, IVE incluído.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo 26 días naturais para presentar as súas ofertas.

As obras consisten na reposición da actual cuberta para evitar a filtración de humidades e o acondicionamento dos elementos metálicos do conxunto da envolvente, dado o estado de corrosión en que xera a súa forte exposición ao ambiente mariño. Ademais executarase unha nova rede soterrada de evacuación das augas pluviais e substituiranse os canlóns e baixantes.

Dado que os departamentos teñen que atoparse baleiros para a execución dos traballos previamente ao inicio dos mesmos procederase á instalación provisional duns contedores marítimos na contorna do edificio, para uso dos usuarios dos departamentos, permitíndolles así proseguir coa súa actividade.

O prazo de execución dos traballos, unha vez iniciada a obra, será de 5 meses e con esta actuación Portos de Galicia mellorará as condicións de traballo dos profesionais que desenvolven a súa actividade no porto de Fisterra, recuperando a estanquidade nos locais dos que dispoñen para almacenamento de pertreitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA POR 360.000 EUROS AS OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DUN TRAMO DE PEIRAO NA DÁRSENA INTERIOR DE MUROS

- Os traballos permitirán reforzar a estabilidade de 18 metros de peirao previa demolición ata os cimentos
- Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles desde hoxe na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de iniciar hoxe o procedemento de licitación pública das obras de reconstrución dun tramo de peirao na dársena interior do porto de Muros. O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, deu traslado ao Consello da Xunta do inicio da licitación cun orzamento base de 361.000 euros, IVE incluído.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo 26 días naturais para presentar as súas ofertas.

As obras consisten na reconstrución dun tramo de peirao de 18 metros de lonxitude, para reforzar a súa estabilidade afectada pola propia acción do mar. Previamente demolerase ata a súa cimentación toda a parte afectada. Antes de iniciar os traballos será preciso retirar todos os elementos de mobiliario urbano existentes na contorna da actuación. Estes elementos amorearanse ata que se instalen ao final das obras unha vez reparados e substituídas as súas pezas de ancoraxe. Os traballos incluírán tamén a reposición de todos servizos afectados.

O prazo de execución dos traballos, unha vez iniciada a obra, será de 6 meses e con esta actuación Portos de Galicia mellorará a estabilidade dun tramo de peirao de 18 metros de lonxitude co conseguinte reforzo da seguridade para as persoas e maquinaria que circule sobre el, ao tratarse dunha zona accesible ao tránsito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA POR 540.000 EUROS AS OBRAS DE INSTALACIÓN DE DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS NO PORTO DE SANXENXO

- Os traballos permitirán a execución de 14 locais para o almacenamento de pertreitos para os profesionais da pesca
- Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles desde hoxe na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de iniciar hoxe o procedemento de licitación pública das obras de instalación de departamentos para usuarios no porto de Sanxenxo. O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, deu traslado ao Consello da Xunta do inicio da licitación cun orzamento base de 540.000 euros, IVE incluído.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo 26 días naturais para presentar as súas ofertas.

As obras consisten na instalación de 14 módulos de edificación para uso de departamentos para usuarios do porto, executados com paneis de formigón pré-fabricado, de fácil montaxe e desmontaxe, acorde coa normativa urbanística. Os locais distribúense en dúas aliñacións, con 10 e 4 unidades respectivamente, e permitirán o almacenamento de pertreitos de pesca dos profesionais que desenvolven a súa actividade no porto de Sanxenxo. Ademais urbanizarase o espazo próximo, substituíndo os actuais bolardos por un parterre e unha zona de aparcadoiro para os propios departamentos.

O prazo de execución dos traballos, unha vez iniciada a obra, será de 4 meses e con esta actuación Portos de Galicia mellorará as condicións de traballo dos profesionais, fundamentalmente do sector pesqueiro, que desenvolven a súa actividade no porto de Sanxenxo ao dispoñer dun local individual para o acopio de material e labores profesionais, así como dunha zona de aparcadoiro reservada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE PRETO DE 5 M€ NAS SETE RESERVAS DA BIOSFERA E TRABALLA PARA SUMAR A OITAVA CO FIN DE TER PROTEXIDA MÁIS DA METADE DO TERRITORIO GALEGO

- O Executivo galego impulsa máis dunha decena de proxectos entre 2023 e 2026 nos cales se combina a conservación dos espazos naturais co coidado das poboacións autóctonas, o aumento da biodiversidade e a protección do patrimonio cultural
- As iniciativas -promovidas directamente ou a través da concesión de achegas a outras entidades- inclúen accións como a recuperación de terreos con especies autóctonas, a eliminación de especies exóticas invasoras, a limpeza das contornas fluviais ou medidas para protexer a fauna da zona, como a construción de refuxios
- A proposta autonómica de crear unha oitava reserva da biosfera na Comunidade busca afianzar a súa segunda posición en España como a autonomía con máis superficie e porcentaxe do seu territorio protexido por esta figura

A Xunta traballa na preservación, conservación e mellora do estado ecolóxico dos espazos incluídos nas sete reservas de biosfera de Galicia, tendo en conta que se trata de elementos clave para facilitar a adaptación da Comunidade ao cambio climático e mitigar os efectos do quecemento global. O papel destas figuras de protección é fundamental neste obxectivo, un dos motivos polos cales o Executivo galego está a promover a declaración dunha oitava reserva de biosfera, co fin de que a Comunidade teña máis da metade do seu territorio amparado por algunha figura de protección.

Ese labor constante do Executivo galego no coidado dos espazos naturais das sete reservas de biosfera galegas, así como os traballos previos para impulsar a oitava, suman un investimento de preto de 5 millóns de euros no período 2023-2026. Esta contía, financiada con fondos propios e europeos, repártese en máis dunha decena de actuacións desenvolvidas tanto mediante accións directas da Administración autonómica como a través de axudas concedidas ás entidades xestoras desas áreas.

O Consello da Xunta tomou razón hoxe dun informe que recolle as iniciativas desenvolvidas desde 2023 -algunhas xa completadas e outras que teñen continuidade actualmente-, así como as previstas tanto para este ano como para o vindeiro. Trátase de actuacións dirixidas ás sete reservas actuais -Terras do Miño (Lugo); Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (Lugo); Allariz (Ourense); Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (A Coruña); Río Eo, Oscos e Terras de Burón (Lugo-Asturias); a Transfronteiriza Gerês-Xurés (Ourense-Portugal) e a de Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel (Lugo-Ourense)-, así como as necesarias para impulsar a creación da oitava reserva da biosfera na Comunidade.

Dese orzamento de preto de 5 millóns de euros, algo máis de 1,8 millóns de euros correspóndense con cinco proxectos nas tres reservas que xestiona directamente a Xunta -Río Eo, Oscos e Terras de Burón; a Transfronteiriza Gêres-Xurés e Ribeira Sacra

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e Serras do Oribio e Courel– e 2,5 millóns de euros están adscritos a cinco iniciativas en reservas da biosfera xestionadas por outras entidades.

A este orzamento engádense os preto de 440.000 de euros concedidos ao abeiro da convocatoria para os anos 2024 e 2025 das axudas para estudos e investimentos vencellados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia –18 achegas aprobadas a distintas entidades–, así como os 80.000 euros reservados nas contas deste ano para impulsar a oitava reserva da biosfera.

Todos estes investimentos teñen como fin último preservar as contornas naturais, recuperar zonas coa eliminación de especies exóticas e a plantación doutras autóctonas e accións de coidado dos ecosistemas para favorecer a súa biodiversidade, dado que se trata de espazos cun importante papel no escenario actual de cambio climático e na contribución á mellora da calidade de vida do conxunto da cidadanía.

As iniciativas

O proxecto máis importante desde o punto de vista económico é o de Conservación e restauración de hábitats e mellora da biodiversidade na Reserva da biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, zona de especial conservación (ZEC) Os Ancares-O Courel (Lugo), que executa directamente a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e que conta cun orzamento total de arredor de 840.000 euros, repartidos entre 2024, 2025 e 2026 para actuar en máis de 250 hectáreas de superficie.

O obxectivo desta iniciativa é realizar traballos de restauración, recuperación e mellora dos hábitats e a conservación da biodiversidade en terreos de espazos protexidos dentro da Reserva Nacional de Caza dos Ancares e a súa contorna. Polo tanto, afecta a zona núcleo desta reserva da biosfera lucense e da ZEC Os Ancares-O Courel, dentro da zona de especial protección para as aves (ZEPA) dos Ancares e da zona de presenza do oso pardo definida no plan de recuperación desta especie.

As actuacións céntranse na mellora dos hábitats boscosos, de matogueiras –co fin de favorecer a produción de froito en ambos os casos–, así como de prados, e a recuperación do resto de vexetación existente na zona co fin de coidar as poboacións das especies máis características destes espazos, algunhas delas protexidas, endémicas ou ameazadas. Mentres, como obxectivos secundarios inclúe outros como mellorar a rede de sendeiros e camiños para o seu uso público, o desenvolvemento ordenado do turismo ou promover os aproveitamentos gandeiros sostibles.

Esta reserva da biosfera lucense conta con outra acción financiada ao abeiro das axudas concedidas aos xestores das reservas para os anos 2022-2023, cun orzamento de case 420.000 euros, financiados con fondos Next Generation, para actuar en 181 hectáreas de superficie. Ao abeiro deste proxecto –vixente nos anos 2023 e 2024– retiráronse residuos, especies exóticas invasoras e plantáronse frondosas autóctonas. Tamén se realizaron iniciativas de conservación de polinizadores, como un pequeno catálogo entomolóxico e a construción de vivendas e refuxios para polinizadores silvestres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A estas accións sumáronse outras de apoio ao turismo na contorna e de mellora do patrimonio cultural, investindo na sinalización de infraestruturas e puntos de interese ambiental, ou o acondicionamento dos tellados das pallozas do Piornedo.

O segundo proxecto máis importante desde o punto de vista orzamentario é a Actividade de restauración ecolóxica na Reserva da biosfera transfronteiriza Gêres-Xurés, cun orzamento de máis de 616.000 euros para o período 2023-2025, e a previsión de actuar en 72 hectáreas de superficie. Entre os seus obxectivos está potenciar a mellora do estado de conservación de hábitats de carballo e a realización de labores de control e erradicación de especies exóticas invasoras. Ao mesmo tempo, busca apoiar o turismo na zona coa creación dun sendeiro accesible e o acondicionamento da ruta fronteiriza.

A esta actuación da biosfera galego-lusa engádese outra –ambas desenvolvidas directamente pola Xunta no marco dos fondos Next Generation– para este ano de Recuperación e mellora do estado de conservación de hábitats ameazados ou críticos de formacións herbosas naturais e seminaturais, que conta con 165.000 euros de orzamento e cunha superficie de traballo de preto de 52 hectáreas.

As medidas para a restauración dos sistemas herbáceos de alta montaña permiten crear un hábitat adecuado para especies de fauna como aves, mamíferos pequenos, insectos e outros organismos. De feito, convértense en ecosistemas vitais para a reprodución e refuxio de especies ameazadas ou en perigo. Ao mesmo tempo, foméntase o aumento da biodiversidade e un equilibrio ecolóxico proporcionando nichos para especies como o coello ou a lebre, principais presas da aguia real e doutras aves rapaces.

Ribeira Sacra

A Reserva da biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, entre Lugo e Ourense, está a desenvolver dous proxectos, que suman máis de 800.000 euros, executados directamente pola Xunta. O primeiro, de 413.000 euros para o período 2023-2025, prevé actuar en máis de 210 hectáreas de superficie implicando os axentes públicos e privados na conservación dos bosques de castiñeiro europeo, o control puntual da vexetación e a adopción de medidas para evitar a expansión de enfermidades e pragas.

Entre os traballos incluídos para a conservación da biodiversidade tamén están a eliminación de especies exóticas invasoras en distintos tramos dos ríos Sil e Miño; a recuperación da continuidade fluvial no río Lor; o fomento de iniciativas de conservación de polinizadores ou actuacións nos bosques de frondosas para favorecer o desenvolvemento dos carballos e rebolos presentes na zona.

O segundo proxecto nesta reserva entre Lugo e Ourense ten como finalidade recuperar os Soutos do Courel tras os incendios de 2022, que conta con preto de 390.000 euros de orzamento para este ano, coa intervención en arredor de 150 hectáreas de superficie. Os traballos, que se desenvolverán este ano, centraranse en áreas coa presenza de castiñeiros e outro arboredo autóctono.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mentres, a Reserva da Biosfera Terras do Miño (Lugo) desenvolveu entre 2023 e 2024 un proxecto financiado coas axudas para xestores das reservas por un importe de case 550.000 euros, que afecta a 195 hectáreas. Os traballos centráronse na eliminación de especies exóticas invasoras na lagoa de Caque, na insua de Cela, e en labores de conservación no corredor fluvial do río Miño e Neira, así como nos hábitats coñecidos como Ollos de Begonte ou na Insua de Burneiros. A maiores, tamén se realizaron accións de conservación de polinizadores.

Mariñas Coruñesas

A Reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, pola súa banda, executou a través das achegas a entidades xestoras unha iniciativa dotada con 394.000 euros entre 2023 e 2024. As accións incluiron a plantación de frondosas, medidas de control do cangrexo americano e seguimento do seu impacto no encoro Abegondo-Cecebre, a eliminación de especies exóticas invasoras, o estudo da biodiversidade e a instalación e seguimento de refuxios de fauna útil, como hoteis polinizadores ou refuxios de morcegos.

No marco deste proxecto tamén se desenvolveron actividades divulgativas de educación ambiental, incluíndo a construción de charcas naturais ou refuxios para a fauna e, no eido do apoio á sustentabilidade do turismo e mellora do patrimonio cultural, acondicionáronse o centro de recepción de visitantes da reserva e o observatorio de aves de Crendes, ao tempo que se sinalizaron distintas rutas de interese turístico.

Co mesmo modelo de iniciativa –unha axuda– a Reserva da biosfera de Allariz (Ourense) desenvolveu en 2023 e 2024 un proxecto con 322.000 euros para actuar en 41 hectáreas. Os traballos incidiron nos ecosistemas fluviais dos ríos Arnoia, Ourille, Bidueiro e Celme e, no eido do patrimonio cultural, permitiron mellorar o punto de atención ao visitante de Vilar de Santos, a Vía Nova Romana e a contorna do castelo de Allariz.

Por último, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático desenvolveu directamente na Reserva da biosfera Río EO, Oscos e Terras de Burón (Lugo-Asturias) un proxecto de restauración da biodiversidade por un importe de 250.000 euros, repartidos entre 2023 e 2024. As actuacións afectaron 23 hectáreas e centráronse na eliminación de especies exóticas invasoras nas zonas fluviais, a redución do impacto paisaxístico dos tendidos eléctricos en Vilaseca (Negueira de Muñiz) e a promoción do turismo e o coidado do patrimonio cultural, coa mellora de distintas sendas e o acondicionamento de tres fontes públicas na Fonsagrada.

A estas actuacións engádense os 18 proxectos aprobados a distintas entidades na convocatoria para 2024 e 2025 de axudas a estudos e investimentos de conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, que suman 440.000 euros.

A maiores, o Executivo galego reserva nos orzamentos deste ano 80.000 euros para impulsar a candidatura da oitava reserva da biosfera galega, que ten como núcleo o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, pero que estende a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

súa área de influencia desde Porto do Son ata Baiona. De concretarse –con máis de 90.000 hectáreas de superficie, o 92 % delas marítimas– permitiría que Galicia tivese máis da metade do seu territorio con algunha figura de protección, fronte ao 42 % actual.

A Comunidade afianzaría así a súa posición como segunda española con máis superficie recoñecida como reserva da biosfera –agora supera os 1,03 millóns de hectáreas terrestres–, só por detrás de Andalucía, con 1,4 millóns de hectáreas. Mentres, o territorio galego declarado como reserva da biosfera é preto do 35 % do total, unha porcentaxe tamén superada unicamente por outra comunidade, neste caso Canarias, pois rolda o 63 % da superficie total do arquipélago.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 15.000 FOGARES GALEGOS RECIBIRON O BONO CONCILIA FAMILIA DA XUNTA NA SÚA ÚLTIMA CONVOCATORIA

- É un 40 % máis de beneficiarios con respecto á anterior orde de axudas
- O orzamento do programa elevouse ata os 2,6 millóns de euros, un 80 % máis que na edición pasada

O Consello da Xunta informou hoxe dos resultados da última convocatoria do programa Bono concilia familia, unha axuda directa para facilitar a vida laboral e familiar dirixida exclusivamente aos fogares con nenos de ata 13 anos de idade en que os dous proxenitores traballan (ou o único proxenitor no caso de familias monoparentais). Un total de 15.058 familias se beneficiaron desta achega, o que supón un 40 % máis con respecto á anterior convocatoria e superar en máis dun milleiro o obxectivo que se tiña fixado para esta edición.

A esta última convocatoria destináronse 2,6 millóns de euros, un 80 % máis con respecto á anterior, e introducíronse varias melloras. Entre estas novidades, destaca a ampliación da axuda ás familias con fillos ata os 13 anos de idade, cando antes estaba reservado a menores de 13 anos, ou a simplificación da solicitude, ao se reduciren os documentos que son necesarios para cursala. Así mesmo, estableceuse un novo prazo para presentar as solicitudes desde mediados de setembro a mediados de outubro, en lugar de abril en xullo como ata agora. Fíxose este cambio para darlle o mesmo tratamento a todas as familias, xa que ata agora tiñan máis posibilidades de recibir o bono as familias que usaban os servizos para conciliar en xullo respecto ás de agosto.

A través do Bono concilia familia, a Xunta financia a contratación dunha persoa empregada do fogar ou dun servizo de atención á infancia a domicilio, cunha achega de 500 euros por unidade familiar; ou a asistencia a campamentos e outros recursos de conciliación, como ludotecas ou espazos infantís. Nestes casos, a axuda é de 200 euros por neno/a, polo que, por exemplo, unha familia con tres fillos pode recibir unha achega de ata 600 euros para sufragar estes gastos.

As axudas outórganse por orde de solicitude e non se ten en conta a renda da familia. O único requisito é que os proxenitores traballen no momento para o cal solicitan o bono. Ademais, para garantir que os fondos se usan de maneira correcta, os pagamentos que realicen as familias deben ser a través de medios electrónicos, como unha TPV ou unha transferencia bancaria. É dicir, non está permitido o pagamento en man ou a presentación de facturas que non teñen soporte documental electrónico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRETO DE 120.000 GALEGOS E GALEGAS ACCEDEN Á CAPACITACIÓN DIXITAL GRATUÍTA QUE OFRECEN AS 93 AULAS CEMIT, IMPULSADAS POLA XUNTA

- A Rede de centros, presente en 52 comarcas, acumula máis de 590.000 horas de formación desde a súa posta en marcha
- A Administración autonómica destina máis dun millón de euros anuais ás aulas, ás cales lles proporciona infraestrutura e equipamento tecnolóxico e un plan de formación
- No período 2023-2024 a Xunta investiu preto de 2,7 millóns de euros en dispositivos tecnolóxicos innovadores e na renovación de ordenadores e complementos inclusivos
- As aulas ofrecen cursos en relación co uso seguro da internet e a administración electrónica ou banca dixital, ademais de actividades como o uso da impresión 3D, voo de drons, programación e robótica ou o emprego de ferramentas de intelixencia artificial
- A oferta formativa abrangue todas as idades dos usuarios rexistrados, entre os cales o perfil maioritario é o das mulleres de entre 45 e 55 anos
- O colectivo de persoas maiores de 65 anos foi crescendo nos últimos anos e xa suman preto de 19.000

A Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica de Galicia (CeMIT) ten rexistrados un total de 119.432 usuarios desde a posta en marcha en 2010, unha cifra que non deixou de medrar desde entón, polo que se configurou como un dos instrumentos chave da Xunta para achegar a capacitación dixital a todos os galegos e galegas. Integrada por 93 aulas, a Rede está presente en 90 concellos e 52 comarcas e acumula, cun total de 591.259 horas de formación dixital gratuítas. Así se recolle no Informe sobre o estado da Rede elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, do cal foi informado hoxe o Consello da Xunta.

A Administración autonómica destina máis dun millón de euros anuais ás aulas, ás cales proporciona infraestrutura e equipamento tecnolóxico, un plan de formación e a subvención de aulas.

No período 2023-2024 a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia puxo en marcha o Plan de reforma e ampliación da Rede, cun investimento de preto de 2,7 millóns de euros, que permitiu a dotación de equipamento tecnolóxico innovador como impresoras 3D, kits de robótica, drons, lentes de realidade virtual e kits de placas de comunicación e programación. Ademais, engadíronse complementos inclusivos para persoas con discapacidade e renovouse o material informático básico con equipos All-In-One, tabletas e complementos audiovisuais. Ao longo de 2025 completárase a dotación deste material coa entrega de pantallas interactivas e sistemas de videoconferencia, o que suporá un investimento adicional de 270.854 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Alfabetización, consultas e formación especializada

As aulas ofrecen, principalmente, formación orientada á alfabetización e á capacitación dixital con cursos sobre o uso seguro da internet, o emprego de dispositivos móbiles, a administración electrónica ou banca dixital, entre outros, ademais doutras actividades máis especializadas como o uso da impresión 3D, voo de drons, programación e robótica, experiencias inmersivas con realidade virtual, identidade e pegada dixital en redes sociais ou o emprego de ferramentas de intelixencia artificial. Só en 2024 as aulas realizaron máis de 3.000 actividades, que supuxeron 41.676 horas de formación.

Así mesmo, as aulas tamén resolven dúbidas de carácter tecnolóxico e acollen actividades complementarias, que se efectúan en colaboración con outras entidades, como obradoiros para fomentar as vocacións tecnolóxicas entre os máis novos, especialmente as nenas, actividades dixitais de carácter interxeracional, cursos de control parental ou banca dixital para persoas maiores.

A oferta formativa abrangue todas as idades dos usuarios rexistrados, entre os cales o perfil maioritario é o das mulleres de entre 45 e 55 anos. O colectivo de persoas maiores de 65 anos foi crescendo nos últimos anos e xa suman preto de 19.000.

A Rede é tamén o lugar de referencia da cidadanía para obter o Certificado galego de competencias dixitais (ComDiX) e en 2024 tiveron lugar as primeiras convocatorias, nas cales participaron preto de 1.000 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ENCOMÉNDALLE A SEAGA POR 4 M€ A XESTIÓN DA BIOMASA NAS ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS, QUE INCLÚE A PLANTACIÓN DE 7.000 FRONDOSAS NAS MARXES DA AG-59

- O Consello da Xunta informou hoxe da encomenda á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (Seaga) para a xestión de biomasa nas zonas de dominio público das estradas autonómicas para este ano 2025 e para o 2026
- Inclúese a implantación da estratexia das Estradas verdes á autovía AG-59, continuando o traballo que se está a realizar nas vías de alta capacidade do Morrazo
- Nesta autovía AG-59 actuarase nunha superficie dunhas 30,4 hectáreas ao longo de 5,9 km e implantarase o inicio na obra de prolongación que se está a executar entre A Ramallosa e a AC-241
- No marco destes traballos encomendados a Seaga, eliminaranse especies exóticas e invasoras presentes nas marxes da autovía e substituiranse por especies arbóreas frondosas, formando ringleiras e bosquetes ao longo do trazado da estrada
- As tarefas inclúen tamén a retirada, estelado ou amoreamento e venda de madeira das árbores situadas no dominio público nas marxes das estradas autonómicas

O Consello da Xunta informou hoxe da encomenda á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (Seaga) para as tarefas de xestión de biomasa nas zonas de dominio público da rede autonómica de estradas para os anos 2025 e 2026, por case 4 M€ (3.984.946 €). Esta encomenda inclúe, ademais, o desenvolvemento da estratexia das Estradas verdes na autovía AG-59 entre Santiago e A Estrada, polo que se continúa así o labor iniciada nas vías de alta capacidade do Morrazo.

Estes traballos, que realizará Seaga e que se desenvolverán ao longo de 18 meses, inclúen, en liñas xerais, a roza de vexetación e arbustos e as cortas precisas de árbores situados na zona de dominio público, para o cumprimento da normativa en materia de incendios, e para mellora da seguridade viaria. Tamén recollen a retirada, estelado ou amoreamento e venda de madeira das árbores, así como as tarefas de mantemento de glorietas, reposición de valado e reforestación de marxes de estradas.

No que se refire á estratexia de Estradas verdes, a nova encomenda a Seaga dá continuidade á que a Xunta xa puxo en marcha o pasado 2024 nas vías de alta capacidade da comarca do Morrazo, que neste momento segue en marcha.

Esta estratexia de Estradas verdes do Goberno galego ten como obxectivos incidir na protección fronte aos incendios, gañar en eficiencia na conservación nas marxes das vías de titularidade autonómica e avanzar cara á neutralidade en carbono nas estradas.

Os traballos que se levarán a cabo agora na AG-59 consistirán de xeito máis específico na eliminación das especies exóticas e invasoras presentes nas marxes da autovía, e na súa substitución por especies arbóreas frondosas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O dominio público desta autovía supón unha superficie dunhas 30,4 hectáreas, que se estenden ao longo duns 5,9 km. Estímase a plantación de case 7.000 novas especies de frondosas autóctonas, formando ringleiras e bosquetes ao longo do trazado da Estrada.

De xeito máis detallado, búscase eliminar acacias, eucaliptos ou especies como o carrizo da Pampa e a posterior reforestación ou plantación de especies arbóreas de frondosas autóctonas, co obxectivo de formar unha masa consolidada a medio prazo que impida o establecemento das especies invasoras. Plantaranse freixos, bidueiros, castiñeiros e carballos. Completarase isto con traballos de mantemento e consolidación.

Ademais, esta configuración xa se implantará desde o inicio na obra en execución de prolongación da autovía entre A Ramallosa e a AC-241, así como na que se prevé impulsar en breve entre a AC-241 e a PO-841, de modo que toda a traza da AG-59 entre Santiago e A Estrada quede configurada como un corredor verde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁLLE LUZ VERDE Á APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO PARA CONSTRUIR UNHA SENDA PEONIL NA PO-400 NAS NEVES, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 573.000 €

- A Xunta prevé someter neste mes o proxecto a información pública e estima telo aprobado en outono para poder licitar as obras despois
- Trátase da execución dun novo itinerario no tramo da PO-400 entre os puntos quilométricos 8+770 e 9+950, que facilitará a circulación segura dos peóns
- Nos treitos inicial e final actuarase en ambas as marxes da vía para dar servizo ás vivendas dos dous lados, e no resto do percorrido a senda irá pola marxe dereita
- Esta intervención forma parte da 2ª fase do Plan de sendas de Galicia, que inclúe a execución de máis de 120 quilómetros de itinerarios nas estradas autonómicas, cun orzamento de 69,7 M€

O Consello da Xunta dálle luz verde á aprobación provisional do proxecto para construír unha senda peonil na estrada PO-400, no concello das Neves, cun investimento de máis de 573.000€.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas tamén prevé someter neste mes o proxecto a información pública, para os efectos expropiatorios, durante o prazo dun mes.

A previsión é poder aprobar o proxecto no outono para a finais de ano poder realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar as obras despois.

Trátase da execución dun novo itinerario peonil no tramo da PO-400 comprendido entre os puntos quilométricos 8+770 e 9+950, que comunica O Castro e As Neves.

O obxectivo é permitir unha circulación segura dos peóns, e quedan tamén incluídas neste ámbito as paraxes de transporte existentes.

Nos treitos inicial e final, coincidentes coas zonas cunha concentración maior de poboación, actuarase en ambas as marxes para dar servizo ás vivendas dos dous lados, e recolleranse os peóns que acoden a elas. No resto do percorrido, a senda discorrerá pola marxe dereita da estrada.

Plan de sendas de Galicia

Esta intervención forma parte da 2ª fase do Plan de sendas de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta no pasado mes de decembro e que inclúe a execución de máis de 120 quilómetros de itinerarios nas estradas autonómicas ata o vindeiro ano 2027, cun orzamento de 69,7 M€.

O Goberno galego dálle así continuidade á 1ª fase do plan, que xa permitiu acometer case 300 quilómetros de novas sendas e beirarrúas, cun investimento de preto de 144

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

M€, e que foi recentemente distinguido nos premios europeos á excelencia na seguridade viaria 2024, impulsados pola European Road Safety Charter (ERSC).

Plano do treito obxecto da construción da nova senda nas Neves:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA UN 11 % O SEU APOIO AO MUSEO DO POBO GALEGO ATA MÁIS DE 500.000 €

- Esta suba supón que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achega máis do 50 % do orzamento total desta entidade
- Con esta axuda tamén se colabora coa museografía das novas salas de Historia de Galicia, ás cales se achegaron preto de 650.000 € desde o ano 2019
- Este compromiso reflíctese no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta no cal se dá conta dun incremento nos visitantes en máis do 180 % con respecto a 2020

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude incrementará este ano un 11 % o seu apoio ao Museo do Pobo Galego. Así se dá conta no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta en que figura que o investimento para este ano previsto polo Goberno autonómico nesta entidade cultural superará os 500.000 €, o que supón unha suba de 50.000 € en relación co ano pasado.

Tal e como se recolle no documento, con esta suba máis da metade do orzamento total do Museo do Pobo Galego é achegado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Faise a través dun convenio de colaboración que se leva asinando anualmente desde inicios dos anos 90 e que, no caso concreto deste exercicio, un dos obxectivos será dar continuidade ao traballo emprendido nos últimos anos para reforzar e modernizar o proxecto expositivo.

Deste xeito, ao abeiro deste acordo, a Xunta de Galicia colaborará coa instalación e montaxe das novas salas da sección de Historia de Galicia, tal e como vén facendo desde o ano 2019 cunha achega acumulada de máis de 645.000 € para o acondicionamento, museografía, montaxe e mobiliario destas novas salas.

Esta renovación da salas está tendo un impacto positivo no número de visitantes. Deste xeito, tal e como se recolle no informe, entre os anos 2020 e 2024 rexistrouse un incremento do 180 %, ao se superaren os 55.000 visitantes anuais.

Ademais da actuación na museografía, o investimento para este ano tamén servirá para facer fronte aos gastos de funcionamento, intervir nas salas, levar a cabo actividades didácticas e de conservación, impulsar publicacións e organizar as exposicións previstas para os vindeiros meses, entre as cales se inclúen Historias dun lugar, Cantareiras, Castelao o retorno a Galicia ou A malla de Pascual.

A Xunta de Galicia mantén un compromiso firme con esta institución desde os inicios dos anos 90. Trátase dun apoio motivado polo seu carácter de centro museístico de especial relevancia, pola acción cultural que desenvolve e pola súa significación e as actividades que leva a cabo relacionadas coa conservación, documentación e difusión dos seus fondos.

O compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude reflíctese no traballo con estes centros, concretamente tras a aprobación, en 2021, da Lei de museos de Galicia, coa cales se está a mellorar a coordinación das políticas públicas de xestión das 91

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

institucións museísticas rexistradas actualmente na nosa Comunidade. Ademais, este traballo enmárcase tamén entre os obxectivos da nova Lei de cultura inclusiva de Galicia, un texto pioneiro en Europa que se aprobou por unanimidade o pasado ano para garantir o acceso á cultura de todas as persoas, eliminando as barreiras físicas, cognitivas, comunicativas, sociais ou territoriais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A FORMACIÓN DO PERSOAL DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO E ESTÉNDEA AO DAS OFICINAS DE RETORNO E ORIENTADORES DE FP PARA FAVORECER A EMPREGABILIDADE

- O Consello da Xunta analizou un informe sobre o plan de formación permanente do Servizo Público de Emprego de Galicia, orientado a incrementar as competencias dos seus traballadores e o aproveitamento tecnolóxico ao servizo do mercado laboral
- Por primeira vez, as accións formativas estarán á disposición tamén do persoal das oficinas de retorno, co obxectivo de contribuír de xeito máis eficaz a captar e reter o talento dos galegos e galegas do exterior
- Ademais, habilitarase un campus virtual para os orientadores de entidades colaboradoras do SPEG e dos centros de formación profesional con accións formativas especificamente deseñadas sobre temas como o mercado laboral de Galicia
- Outra das novidades de 2025 é o desenvolvemento dun curso sobre a ferramenta software EMI, implantada de xeito pioneiro nas 54 oficinas de emprego de Galicia e que se apoia na intelixencia artificial para casar a oferta e a demanda en tempo real
- Esta medida encádrase no proceso de modernización do SPEG, que está a impulsar a Xunta para consolidalo como un verdadeiro nodo de empregabilidade, referente de innovación e dixitalización e ao cal este ano destina, en total, máis de 8 M€

O Goberno galego reforzará este ano a formación do persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) no marco do seu proceso de modernización e estenderá as accións formativas ao persoal das oficinas de retorno, co obxectivo de contribuír de xeito máis eficaz a captar e reter o talento dos galegos e galegas do exterior, ademais do das persoas residentes en Galicia. Tamén habilitará un campus virtual para os orientadores de entidades colaboradoras do SPEG e dos centros de formación profesional con accións formativas especificamente deseñadas sobre temas como o mercado laboral de Galicia, a orientación profesional, as competencias laborais segundo as taxonomías europeas e o SPEG, co fin de impulsar a calidade do servizo e a empregabilidade da cidadanía.

Así o reflicte un informe sobre o Plan de formación permanente do persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia, analizado hoxe no Consello da Xunta. Esta ferramenta está orientada a incrementar e reforzar as competencias e habilidades do seu persoal, promovendo a transformación tecnolóxica e o seu máximo aproveitamento ao servizo dos retos que hoxe enfronta o mercado laboral. De feito, outra das principais novidades do plan formativo de 2025 é o desenvolvemento dun curso sobre a ferramenta software EMI, implantada de xeito pioneiro nas 54 oficinas de emprego de Galicia e que se apoia na intelixencia artificial para casar a oferta e a demanda laboral en tempo real.

Plan formativo 2025

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este plan desenvólvese desde os seus inicios a través dun convenio coa Escola Galega de Administración Pública. O correspondente ao 2025 selarase en próximas semanas co obxectivo de pór en marcha as accións formativas no segundo semestre do ano e incluírá unha gran flexibilidade na metodoloxía formativa, o que lles permitirá aos participantes organizar o seu proceso de aprendizaxe e unha maior interacción con outro alumnado e titores/as a través de foros. Ademais, actualízanse os contidos e materiais didácticos para adaptarse ás novas exigencias e cambios nos procedementos do traballo.

A medida encádrase no proceso global de modernización do SPEG, que está a impulsar a Xunta para consolidalo como un verdadeiro nodo de empregabilidade, referente de innovación e dixitalización. A este ámbito este ano a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina máis de 8 M€; inclúese o reforzo do servizo de orientación laboral e prospección empresarial, obras de renovación nas oficinas de emprego, melloras como o desenvolvemento da app de EMI ou a incorporación de novos caixeiros nas oficinas para a renovación das demandas de emprego, petición de cita previa ou outras xestións, co obxectivo de axilizar trámites e incrementar a eficacia do servizo.

Desde a súa posta en marcha no ano 2022, este programa formativo permitiu que se cubrisen con éxito arredor de 1.700 prazas nos distintos cursos impartidos relacionados con cuestións como a intermediación laboral, a inscrición das persoas estranxeiras no servizo público de emprego, as prestacións por desemprego ou servizos a empresas, entre outros. Isto favorece a eficacia da atención á cidadanía por parte do persoal do SPEG e o impulso das súas oportunidades de emprego, reforzando a boa marcha do mercado laboral da Comunidade, que acabe de rexistrar a cifra de paro máis baixa nun mes de xaneiro de toda a serie histórica, con 121.320 persoas, así como cun nivel de cotizantes de 1.067.089 persoas, o mellor dato nun xaneiro desde hai 16 anos.

Esta aposta respáldase a través de iniciativas como o convenio asinado a pasada semana entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), co que se promoverá a realización de estudos de avaliación da eficacia das políticas activas de emprego e de formación impulsadas polo Goberno galego.

Retención e captación de talento

A modernización do SPEG en que se enmarca o plan de formación permanente é unha das medidas pioneiras que está a impulsar Galicia, tanto no mercado interno como no exterior, para dar resposta a retos do mercado laboral como a cobertura de vacantes. Entre elas tamén está a implantación da xa mencionada ferramenta de intelixencia artificial EMI —galardoada pola Comisión Europea— e que xa permitiu desde setembro de 2024 o perfilado competencial de preto de 40.000 persoas. Isto complementase con accións como o programa intensivo da demanda de emprego, encamiñado a garantir que nas listas do paro figuren exclusivamente aquelas persoas que realmente queren entrar no mercado de traballo co fin de facer máis eficaces as políticas activas de emprego. Este programa permitiu desde a súa posta en marcha en xuño de 2023 que deixen de ser demandantes de emprego dun xeito voluntario máis de 13.000 persoas e que se insiran laboralmente máis de 8.900. Para reforzar este programa, incorporouse en novembro do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2024 un compromiso de actividade —recollido na normativa estatal—, que xa asinaron arredor de 53.500 persoas. A isto súmase o impulso as microformacións ou a incentivación da entrada no mercado laboral de colectivos prioritarios ou infrarrepresentados.

Atendendo ás recomendacións da UE e de xeito complementario no que respecta aos traballadores foráneos —posto que a forza laboral interna non cobre todas as necesidades actuais das empresas e as súas previsións de crecemento—, a Xunta prioriza a atracción de talento dos galegos da diáspora no marco da Estratexia Galicia retorna; de aí a importancia de que poidan acceder a este plan formativo as persoas das oficinas de retorno. Precisamente, ao seu abeiro o vindeiro mes están programadas feiras de emprego da man de empresas galegas na Arxentina (6 e 7 de marzo) e no Uruguai (10 de marzo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INTENSIFICA O APOIO ÁS PRAZAS DE ABASTOS CUNHA ACHEGA DE 3,3 M€ PARA POTENCIAR ESTES ESPAZOS COMERCIAIS E IMPULSAR A SÚA CERTIFICACIÓN COMO MERCADOS EXCELENTES

- O Consello aprobou unha nova convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración orientada a ampliar a rede de mercados recoñecidos con este distintivo de calidade, co obxectivo estratéxico de chegar aos 25 en 2030
- A orde pasa a bianual para concellos e triplica o orzamento ata os 3,3 M€ ante o previsible incremento de solicitudes para realizar obras de mellora, tras o aumento en 2024 das solicitudes de diagnose
- As achegas, que poden pedir municipios, asociacións, cooperativas ou federacións, promoven tanto actuacións de mellora dos Mercados Excelentes como accións dirixidas a acadar o selo —aumentando ata unha axuda máxima de 320.000 €—
- A Xunta, que acaba de pedirlle colaboración ao Goberno no apoio ao comercio local a través de medidas como esta, quere distinguir as prazas de abastos e mercados que apostan pola experiencia na compra, que innovan sen perder a autenticidade e a tradición
- Estes espazos tamén serán un elemento clave no Plan estratéxico de comercio 2025-2030, que recolle outras actuacións para maximizar o seu potencial gastronómico e turístico a través de proxectos como Encontros de mercado, que arranca mañá

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a unha nova convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración orientada a dinamizar e potenciar as prazas de abastos de Galicia e impulsar a súa certificación como Mercados Excelentes, no marco da aposta do Goberno galego pola revitalización destes espazos comerciais, claves na vertebración do territorio e na xeración de riqueza e emprego. Atendendo á folia de ruta prevista no futuro Plan estratéxico de comercio, que aspira chegar aos 25 mercados excelentes en 2030, a nova convocatoria aposta pola simplificación administrativa e practicamente triplica o orzamento da anterior, que chegando aos 3,3 M€ para poder dar resposta á previsión do incremento de solicitudes para realizar obras de mellora —tras aumentar en 2024 os apoios solicitados para elaborar as diagnoses previas—. Ademais, como novidade, os concellos contarán cun período de gasto bianual entre 2025 e 2026 para garantir que contén con maiores tempo de execución para as actuacións solicitadas.

As achegas —que publicará nuns días o DOG e que poden pedir concellos, asociacións, cooperativas ou federacións de prazas de abastos e mercados— promoven, por un lado, accións dirixidas ao mantemento e mellora dos Mercados Excelentes xa existentes na Comunidade e, polo outro, accións de diagnose, formación ou obras de rehabilitación para aqueles que desexen solicitar este selo, ademais de apoios á dinamización e fidelización.

O obxectivo é fortalecer e consolidar unha rede ao abeiro do selo de Mercados Excelentes, un distintivo que impulsa a Xunta para recoñecer aquelas prazas de abastos que están a responder de xeito diferencial e destacado aos retos da modernización e a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

innovación sen perder a súa autenticidade e tradición. Precisamente no marco do Plan estratéxico de comercio —que estará rematado este trimestre—, a Xunta está a redefinir os estándares desta certificación en coordinación con todo o sector para atender as potencialidades destes espazos. Así mesmo, esta planificación, con horizonte en 2030, recolle outras actuacións para aproveitar a situación estratéxica dos mercados nas cidades e vilas, entre as cales destaca o ciclo Encontros no mercado —que dá comezo mañá en colaboración coa Fundación RIA— ou o futuro proxecto Prato de Mercado, que fomentará as sinerxías cos restaurantes da contorna, visibilizando os mercados como o mellor escaparate do produto galego de calidade. As achegas analizadas hoxe complementáanse con outras específicas consignadas nos orzamentos da Xunta para este 2025 destinadas ás obras da praza de abastos número 1 de Ourense (1 M€) e para o novo mercado de Ponteareas (800.000 €).

Detalles da convocatoria

Segundo a mesma filosofía das novas ordes de apoios para o tecido autónomo e o comercial, o indicativo aposta pola simplificación das liñas de actuación para promover unha maior axilidade administrativa, recollendo unha intensidade das axudas do 80 %.

Nos concellos haberá achegas para os que xa contén co selo e para os que o queiran implantar. En concreto, para potenciar a Rede de mercados excelentes, os municipios que xa contén con esa figura poderán recibir axudas enfocadas ao mantemento e mellora deste estándar, como obras de acondicionamento, mellora de servizos para a clientela, actuacións formativas ou comerciais. A axuda máxima é de 112.000 €. Mentres, aqueles cuxas prazas de abastos non sexan aínda Mercado Excelente poderán sufragar accións previas para acadar o selo, como a preparación —ou actualización, se é o caso— da diagnose da situación e usos do mercado, actuacións de *mentoring* e de formación dos praceiros e praceiras ou elaboración da documentación técnica. Aqueles que xa teñan completada a diagnose, poden acollerse ao resto de apoios, como obras de rehabilitación, melloras de accesibilidade, rotulación, adquisición de equipamento comercial ou instalación de sistemas de eficiencia enerxética. Neste caso, a contía máxima da axuda increméntanse ata os 320.000 €.

As asociacións de prazas de abastos e mercados, así como as cooperativas de vendedores —que se introducen como potenciais beneficiarias este ano— poden solicitar axudas para o mantemento dos seus *marketplaces*, material promocional ou servizos de fidelización de clientela, entre outras, ata un máximo de axuda de 11.200 €. Por último, as federacións de prazas de abastos poden optar a apoios para realizar campañas comerciais ou eventos, ata un máximo de 40.000 €.

Impulso ao comercio de proximidade

Esta convocatoria encádrase nas medidas de impulso ao comercio promovidas pola Xunta, implementadas cun investimento á alza para seguir potenciando un sector clave na xeración de emprego. A ela súmanse outras ordes para fortalecer o ecosistema comercial, como os apoios dirixidos aos centros comerciais abertos (2,5M €), cuxo prazo de solicitudes abre o mércores, ou os orientados a impulsar a modernización, dixitalización e sostibilidade do comercio retalista e dos obradoiros artesanais galegos (3,9M€), que se poderán pedir desde o 26 de febreiro. Na folla de ruta de 2025 tamén

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

está prevista a reactivación dos bonos Activa comercio (5 M€) ou o desenvolvemento do Vilas vivas —eventos efémeros de dinamización iniciados de xeito piloto en Ribadavia no Nadal—. Co obxectivo de potenciar estas actuacións, financiadas exclusivamente con fondos propios, a Xunta vén reclamando que Galicia poida acceder a recursos Next Generation, que o Goberno reservou e que non está a executar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PUBLICARÁ EN BREVE A CONVOCATORIA DA CAMPAÑA DA PAC CUN ORZAMENTO PREVISTO DE 224 M€

- Estímase poder beneficiar arredor de 23.000 agricultores e gandeiros galegos e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* proximamente
- Prevese que as axudas directas acaden un valor duns 180 millóns de euros, aínda que dependerán dos límites establecidos a nivel nacional e das solicitudes aprobadas
- Inclúense tamén achegas para o desenvolvemento rural por un valor de 43 millóns de euros e axudas forestais por un valor de 750.000 euros

A Xunta de Galicia publicará en breve a convocatoria da campaña da política agraria común para o ano 2025. Así o recolle o informe da Consellería do Medio Rural, do cal tomou razón o Consello do Goberno autonómico. Estímase que a convocatoria conte cun orzamento de arredor de 224 millóns de euros para beneficiar uns 23.000 agricultores e gandeiros galegos. Está previsto que se publique no *Diario Oficial de Galicia* proximamente.

Neste sentido, a PAC recolle as axudas directas que inclúen, entre outras, as axudas básicas á renda para a sustentabilidade. Estas achegas contribúen a apoiar unha renda agrícola viable e a resiliencia do sector agrícola, co fin de mellorar a seguridade alimentaria a longo prazo e a diversidade agrícola, así como garantir a sustentabilidade económica destas producións. Recóllense tamén os ecorréximes –prácticas voluntarias que levan a cabo os agricultores para impulsar o rendemento ambiental e climático relativo á PAC–, xunto coas achegas asociadas á produción.

Cómpre salientar que as axudas directas non teñen carácter extraorxamentario e o seu importe dependerá das solicitudes presentadas en función dos límites establecidos a nivel nacional, unha vez coñecidas todas as solicitudes aprobadas. Na última campaña aboáronse preto de 180 millóns de euros, polo que se prevé que a cifra para 2025 sexa semellante.

En relación coas axudas ao desenvolvemento rural, contarán cun orzamento de máis de 43 millóns de euros. O investimento distribuirase entre as axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC (PEPAC); os pagamentos a zonas con limitacións naturais e outras limitacións específicas procedentes da medida 13 do Programa de desenvolvemento rural, e as axudas para zonas con limitacións naturais e outras limitacións específicas incluídas no PEPAC.

Por último, cóntase tamén cunha liña de achegas forestais dotadas con 750.804 euros ,destinada aos compromisos de mantementos de forestación para contribuír ao coidado, mantemento e demais traballos posteriores á plantación.

Campañas anteriores

En relación coa campaña de 2024, Galicia xa efectuou pagamentos por un valor de máis de 159 millóns de euros, incluíndo as axudas directas e as achegas para zonas con limitacións naturais, aínda que cómpre lembrar que este exercicio aínda non está

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

finalizado. A última campaña rematada é a de 2023, que contou cun orzamento total de máis de 215 millóns de euros.

Cabe sinalar que as axudas da PAC son esenciais para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no medio rural. O obxectivo final destas achegas é manter o sector agrícola europeo, de xeito que se compensan ás persoas que traballan no agro polos servizos ambientais que proporcionan, a calidade das súas producións e as exixencias lexislativas de máximo nivel impostas pola Unión Europea a prol da sustentabilidade.